




.....

DRAMATURXIAS ITINERANTES / DRAMATURGIAS ITINERANTES

"As que limpan" de A Panadaria

"A morte da sereia" de Inês Filipe

.....

Centro de Cultura Politécnico do Porto / Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

10 de novembro: Centro de Cultura Politécnico do Porto - 17:00 horas

11 de novembro: Escola Superior de Arte Dramática de Galicia - 17:00 horas



A oitava edición das Dramaturxias Itinerantes deste 2025 volve en novembro cunha entrega con dúas novas propostas, sumando así estas creadoras á nosa xa importante colección de dramaturgas galegas e portuguesas. Nesta volta, temos a autora portuguesa Inês Filipe, con *A morte da sereia*, e ás galegas de A Panadaría —Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman—, coa súa peza *As que limpan*.

Seguimos co mesmo propósito fundacional: poñer en valor o traballo da escrita dramática feita por mulleres dos dous lados da fronteira. Queremos que estes textos estean aí fóra, ao alcance de todas e todos: para montar, para ler, para debullar, para compartir... ou, mesmo, para darlles unha volta e reinventalos desde o palco.

Ano tras ano, as persoas participantes da ESAD de Galicia e da ESMAE do Porto —as dúas escolas que forman parte deste proxecto— aprópiáanse con ledicia da palabra escrita polas nosas autoras e provocan a alquimia da súa transformación nun ente vivo, en acción, en voz e en movemento. Deste xeito, achegamos as creadoras ao público de Vigo e do Porto, que repite unha e outra vez as lecturas dramatizadas e as charlas coas autoras que protagonizan cada edición. Pero o traballo para dar a coñecer o talento feminino galego e portugués non queda só nas representacións. O proxecto vai máis alá e chega até a publicación dos textos en formato dixital, para que a obra das mulleres dramaturgas teña máis alcance e poida chegar a todas aquelas persoas que gozan da escrita teatral e do mundo do teatro.

Cada ano marcámonos o obxectivo de procurar o que teñen en común as nosas autoras, para dar co punto onde as súas voces se atopan e dialogan, e neste caso atopámolo, de novo, na súa ollada á realidade da muller, na que esta ocupa o centro do relato. Nos dous textos trátase a acción dramática desde o compromiso feminista tentando facer visible o que queda velado e, en segundo plano, no traballo e nas relacións persoais e familiares. Esa aposta feminista, política e de xustiza chega a interpelar o público para que revise os seus puntos de vista sobre xénero, poder e tradición.

As dúas pezas son radicalmente opostas en canto a estilo: se A Panadaría define *As que limpan* como “unha sátira sobre as camareiras de piso dos hoteis”, na que se relata a loita das traballadoras por un traballo digno, desde o humor e utilizando ao público como un personaxe máis, con continuas rupturas da cuarta parede; pola contra, *A morte da sereia*, de Inês Filipe, revisa a peza de Ibsen *A dama do mar*, recreada por Susan Sontang, mergullándose nun mundo simbólico e delicado, mais tamén utilizando o metateatro para achegarnos aos conflitos arredor do xénero, da familia e do que o poder nos di que é correcto.

En ambas as dúas propostas as autoras poñen o foco na opresión á que se ve sometida a vontade das mulleres, condicionada por relacións que as asfixian e as enferman, tanto no ámbito persoal como no profesional. Elas, coa súa ollada, axúdannos a pensar sobre as relacións de poder no traballo e na familia, e convidan a mirar con atención e tamén —moi explicitamente no caso de A Panadaría— a tomar posición fronte a unha realidade en que as mulleres seguen perdendo.

Finalmente, non queremos pechar esta breve introdución sen salientar unha das mellores partes deste proxecto: a colaboración real e fluída entre o Consello da Cultura Galega, o Instituto Camões, a ESMAE do Porto e a ESAD de Galicia, esta vez coa participación a maiores do Centro de Cultura Politécnico do Porto. Sen esta sintonía e o compromiso constante das catro institucións, sería imposible darlles forma ano tras ano ás Dramaturxias Itinerantes. E iso é, para nós, unha fonte de orgullo e agradecemento sincero.

Programa

.....

17:00 horas

AS QUE LIMPAN

A Panadaría

Equipo de dirección e espazo escénico: Noelia Nuño e Dani Pregal (posta en escena) e Ana Molaes (espazo escénico)

Dirección da fala escénica: Cristina Domínguez Dapena

Intervenien: Juan Diego Comesaña, Nuno Couso Bermúdez, Silvia Fernández García, Xiana González Pico, Sabela Pereira Rodríguez, Dani Vicente Ferreira

Produción: ESAD de Galicia

Sinopse

O presidente vai visitar un hotel de luxo nunha elitista illa de veraneo en Galicia, rexentado por un empresario corrupto. Nesta situación, cargada de tensións e contradicións, a peza explora, con intelixencia e frescura, a problemática real das camareiras de piso. A través do humor, a ironía e áxiles gags, o espectáculo dá voz a mulleres invisibilizadas que sosteñen co seu traballo un sector enteiro mentres reclaman condicións dignas e respecto. Ademais de denunciar, a peza convida á reflexión sobre a fenda de xénero nos traballos de limpeza e coidados, feminizados e marcados pola precariedade.

A MORTE DA SEREIA

Inês Filipe

Direção artística da leitura encenada: Cláudia Marisa

Intervêm: Cristiana Castro e Tiago Ribeiro

Criação sonora: Nuno Tudela

Produção: ESMAE do Porto

Sinopse

1895. Uma jovem sereia resgata um marinheiro no meio de uma tempestade, apaixonando-se profundamente por ele. Com um simples beijo, a sua barbatana transforma-se em duas pernas e ela fica de imediato presa a ele por um feitiço, para todo o sempre. O par amoroso, Luísa e Leonel, vê-se confrontado com uma difícil decisão - ficar em terra ou partir para o mar. Quem terá de ceder e abdicar da vida que conhecia até então? Como é que as personagens da peça *A Dama do Mar*, de Henrik Ibsen, encenariam este espetáculo? Essa é a proposta desta sequência, em que assistimos às dinâmicas de poder e persuasão dentro e fora de palco. Resta saber que final será escolhido para terminar a história de amor de Luísa e Leonel. Todos temos algo a dizer. Cada um com a sua perspectiva. Mas no fim, num duelo entre a vontade e o dever, é a sereia quem terá de decidir.

DEBATE:

Vanessa Sotelo, xefa de estudos, dramaturga e profesora da especialidade de Dramaturxia na ESAD de Galicia, coordinará a conversa entre as autoras co obxectivo de que coñezamos en profundidade a súa obra.

A Panadaría

.....

A Panadaría

A Panadaría naceu en Vigo no ano 2013. Formada por Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman. O seu teatro destaca polo humor ácido, a música vocal e unha interpretación política e lúdica sen escenografía. Estrearon *Pan!Pan!* (2013), *Panamericana* (2015), *Elisa e Marcela* (2017) e *As que limpan* (2022), estas dúas últimas coproducidas con recoñecidos centros dramáticos. Bolado, Castro e Kendelman levan máis de dez anos impulsando procesos colectivos e comunitarios, reflectidos en proxectos sociais e pedagóxicos como *Tortigrañas*, *Parolas inútiles* e *Mulleradas*, e déronlles prioridade a equipos integramente femininos para romper a hexemonía masculina en postos directivos e técnicos. A crítica defíneas como “o altofalante perfecto para facer tremer a sociedade”. Obtiveron 21 premios autonómicos e estatais: Premio da Crítica Galicia, Premio Luísa Villalta, Premio Alas, numerosos Premios María Casares, Premio Begoña Caamaño e Premio Pluma.

Areta Bolado. O Porriño, 1985. Graduada en Interpretación Textual pola ESAD e é especialista en Dobraxe (UVigo), e diplomada en Maxisterio. Forma parte do elenco da Panadaría e traballou con compañías como Voadora e o Centro Dramático Galego. No audiovisual, participou en *9 Fugas*, *Descarrilados*, *Xan* e *Escoba*. Recibiu os Premios María Casares á Mellor Actriz Secundaria (2015) e Protagonista (2018), así como o Premio FETEGA (2018). Coordina proxectos pedagóxicos e de distribución na Panadaría.

Noelia Castro. Bellinzona, 1988. Graduada en Interpretación Textual pola ESAD de Galicia e en Deseño Gráfico Publicitario en AulaD (Vigo). Participou como actriz coa Panadaría e Inversa Teatro en obras como *Té con Kant*, *Sofía e as Postsocráticas*, e en películas premiadas como *Xoves de Comadres* e *9 Fugas*. Deseña carteis e material gráfico para A Panadaría e colaborou cos V Premios Martín Códax da Música. Foi recoñecida con premios como o FETEGA do Carballiño e o María Casares á Mellor Actriz Protagonista por *As que limpan*. Na Panadaría tamén coordina o deseño e a publicidade.

Ailén Kendelman. Bos Aires, 1989. Actriz, multiinstrumentista, compositora e produtora con formación superior en Arte Dramática e Interpretación Xestual, e grao profesional en Percusión. Desenvolve a súa carreira artística principalmente na Panadaría, actuando e compoñendo música para obras como *Ris, ras* e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Participou en longametraxes (*Migas de Pan*, *9 Fugas*) e compuxo música orixinal para espectáculos (*Neorretranca* e *Posmorriña, A cacerola de Lola*). Forma parte do conxunto internacional Áureas e da banda de MJ Pérez. Recibiu premios pola súa interpretación e composición musical, entre eles destaca o Premio María Casares 2022. Na Panadaría tamén xestiona produción e proxectos.

Inês Filipe

Inês Filipe

Inês Filipe estuda na Escola de Dança do Conservatório Nacional entre 2008 e 2012. É licenciada em Teatro, variante Interpretação (2016-2019) e pós-graduada em Dramaturgia e Argumento (2019-2020) pela ESMAE. Realiza o 5º semestre da Licenciatura na RESAD (Madrid), na área de Teatro Gestual, em regime Erasmus.

A peça com que conclui a Pós-graduação, *O Calor do Lar*, é alvo de uma leitura encenada por Nuno M. Cardoso, no Mosteiro de São Bento da Vitória (*Peças Novas: Leituras, Espetáculos, Encontros*, 2021) e de uma encenação de Maria Jorge, para a RTP2 (*A peça que falta*, 2023).

Em 2021 estreia *A morte da sereia*, no auditório do Grupo Musical de Miragaia, espetáculo criado a partir da peça de Henrik Ibsen e da reescrita de Susan Sontag da mesma obra, *A Dama do Mar*, que contou com apoio do Garantir Cultura e bolsa de criação da companhia A Turma.

Paralelamente, inicia o seu percurso na Seiva Trupe como assistente de Encenação.

Em 2022 participa na oficina de escrita do Teatro Nacional São João, Manual de Autodefesa para Dramaturgos Vivos, e é selecionada para o concurso Novos Encenadores do Operafest, no qual dirigiu a Cena III da ópera *Ninguém e todo o mundo*, de Daniel Moreira.

Em 2023 é convidada a dirigir a conferência encenada a partir da investigação do arquivo do Grupo Musical de Miragaia, inserida no Cultura em Expansão, que intitula Um século de Grupo Musical - Miragaia vista por uma atriz. É também uma das candidatas

bolseiras do projeto Fantasia Futurista, do Teatrão, com apoio do Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I.P., escrevendo *Caldo Entornado*, peça incluída na edição do mesmo projeto.

Ao longo do último ano, partilha a direção artística do Projeto Némesis, tendo escrito e encenado a peça *Devo dançar também no escuro?*, com estreia marcada para setembro de 2025, e realiza uma investigação na Companhia Olga Roriz, no âmbito do Mestrado em História da Arte, Património e Cultura Visual (FLUP).

A peça *Petróleo*, desenvolvida na oficina “Manual de Autodefesa para Dramaturgos Vivos”, é a vencedora da 1ª edição do Prémio Novas Dramaturgias José Louro, promovido pelo Teatro das Figuras, ACTA - A Companhia de Teatro do Algarve/Teatro Lethes, CIAC - Centro de Investigação em Artes e Comunicação da Faculdade de Ciências Humanas e Sociais da Universidade do Algarve.

Enquanto atriz, participou em espetáculos e filmes, como:

Momentos of Young People, de Raimund Hoghe (2018); *Alma*, de Tiago Correia (2020-2023); *Tang Ping*, da Visões Úteis (2022); *Alento*, de Constança Pinelo (2023); *O Salto*, de Tiago Correia (2023); *O Pior Homem de Londres*, de Rodrigo Areias (2024); *Daqui Houve Resistência*, da Bando à Parte; e *Sai e luta?/Izadi i bori se?*, de Lajla Kaikcija (2025).

Organizan

Consello da Cultura Galega

Escola Superior de Música e Artes do Espetáculo (Porto)

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Colabora

Camões-Centro Cultural Português em Vigo

Sedes / horarios

10 de novembro

17:00 horas

Centro de Cultura Politécnico do Porto

Praça do Marquês de Pombal 94

4000-391 Porto

11 de novembro

17:00 horas

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Rúa da Poza Cabalo, 1

36212 Vigo

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



ESCOLA SUPERIOR
DE MÚSICA E ARTES
DO ESPETÁCULO



Centro de Cultura ()



CPLP
Comunidade dos Países
de Língua Portuguesa